

**ANEXO I  
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach**

<b>Coordinación STEMbach na Facultade/Escola UVigo:</b>	
Nome: Vicente Romo Pérez	
Enderezo electrónico: vicente@uvigo.gal	Teléfono: 986 801 712
<b>Dirección do proxecto Uvigo:</b>	
Nome: M <sup>a</sup> Esther Martínez-Figueira	
Enderezo electrónico: esthermf@uvigo.es	Teléfono: 986 801 773
<b>Co-dirección do proxecto UVigo:</b>	
Nome: Silvia Sierra Martínez	
Enderezo electrónico: sierra@uvigo.es	Teléfono: 988 387 101

NOTA: Os custos derivados da execución deste proxecto de investigación tales como os desprazamentos do profesorado da UVigo ao centro educativo ou doutras actividades establecidas no plan de traballo, correrán a cargo do centro educativo ao que se asigne este proxecto.

**Título**

**Investigando sobre Redes Sociais e Parella en...**

**Resumo**

As fórmulas de relación social que as e os nosos adolescentes veñen a desenvolver na súa vida cotiá están a caracterizarse por ser mediadas a través das Redes Sociais. Este paraíso artificial no que se entra por mor a non quedar fóra dos grupos sociais implica un importante risco relacional na Internet: a ciberviolencia nas relacións de parella. O sistema educativo e a sociedade teñen o deber e a obriga de prever certas problemáticas susceptibles de acontecer nestas idades en relación a esta nova forma de relacionarse nas RRSS. Así, neste proxecto queremos pór en relevo a prevalencia desta realidade e a súa relación co ciberacoso en situación de namoramento. Polo tanto, buscamos que o estudantado se anime a abordar a temática proposta concretándoa á súa vez en situacións nas que se identifique ou desexe afondar (a elixir no IES algunha das subtemáticas que se indican): (1) o cibercontrol nas relacións de parella entre adolescentes; (2) ligar a través das RRSS nas idades da adolescencia; (3) relacións de parella e redes sociais; (4) a violencia sexista na parella manifestada nas RRSS; (5) outra subtemática que no centro educativo se propoña.

O proxecto de investigación *Investigando sobre Redes Sociais e Parellas en... (subtemática a concretar)* pretende ofrecer un espazo para a reflexión e o pensamento crítico sobre as actuais fórmulas que se adoptan nestas idades para ligar e relacionarse intimamente con alguén mediante contactos derivados das RRSS. Co estudo derivado deste proxecto preténdese pór de manifesto a vulnerabilidade na que nos podemos ver inmersos e inmersas á vez que sexa a oportunidade de abordar factores de protección.

## Obxectivo

- Coñecer as características dos e das usuarios de Redes Sociais que empregan estas coa finalidade de ligar, establecendo vínculos sentimentais ou doutro tipo.
- Coñecer o discurso que os/as adolescentes fan ante esta forma de relacionarse intimamente.
- Analizar o pensamento crítico dos e das adolescentes sobre as actuais fórmulas que se fan a través das Redes Sociais nestas idades para ligar.

## Plan de traballo

O plan de traballo que se prevé é:

1. Toma de acordos cos e coas investigadoras en formación: concretar a subtemática de investigación e seleccionar unha metodoloxía e técnica participativa de recollida de información (por exemplo, fotovoz ou mapas mentais).
2. Formación teórico-práctico sobre investigación cualitativa e sobre a técnica de recollida de información seleccionada.
3. Formación sobre a busca de información científica en bases de datos.
4. Deseño do plan de investigación que se vai desenvolver cos/as investigadores/as en formación (cronograma, selección de posibles informantes...).
5. Recollida de información mediante a técnica seleccionada.
6. Análise colaborativa da información recollida.
7. Elaboración do informe e preparación da defensa pública.